



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

# REUNIÓN

DIRECCIÓN-COMITÉ 04/03/11

Estes foron, entre outros, os puntos que se trataron nesta reunión:

**Documento sobre a Empleabilidade:** A Dirección fainos unha presentación sobre a nova guía de traballo que pretende utilizar para *adaptar as persoas* en función das súas patoloxías e *mellorar os postos de traballo* cara evitar futuras limitacións nos traballadores/as. Contará con 7 eixos e terá como obxectivo que, **toda persoa poida desenrolar a súa actividade laboral de forma adecuada.**

Para elo, contan coa implicación dos diferentes departamentos de Dirección, Seguridade e Saúde Laboral e os propios Traballadores/as, así como levar a cabo unha campaña de sensibilización, sobre esta nova "folia de ruta", a todo o persoal entre os meses de Marzo e Abril cun seguimento semestral en cada UEP.

Agora, a Dirección, parece recoñecer a problemática que hai na adaptación das persoas con patoloxías, así como postos de traballo que, a día de hoxe, tal e como están deseñados, acabarán por causar lesións físicas ou psíquicas. Algo que, dende a C.I.G. vimos poñendo en coñecemento tanto nos diferentes Servizos e Comisións deste Centro de Traballo, así como nas distintas Institucións Públicas (Inspección de Traballo, Instituto Nacional da Seguridade Social e Gabinete Técnico de Rande)

A C.I.G., ante actuacións como: "*a ocorrida recentemente en Ferraxe Nave E, onde se retiran medios ergonómicos que evitan realizar esforzos físicos, ou incluso o non recoñecemento de accidentes de traballo*", fan poñer en dúbida si realmente a intencionalidade é impoñer novas fórmulas ou simplemente o que se persegue é unha maior integración e participación. De aí que, dende a C.I.G. solicitemos que, antes de levar a cabo calquera medida, se teña en conta a opinión dos afectados/as, así como da parte social.

**Balance Social 2010:** Por parte da Dirección fíxosenos unha exposición da situación sobre a Automoción, o Grupo PSA, o noso Centro de Traballo e as magnitudes sociais. Resaltar que neste novo balance se integra tamén información sobre as empresas Exteriores así como as Enfermidades profesionais.

**Producción Abril:** Para este mes a previsión é a seguinte:

**Sistema I.-** Incrementan a cadencia a 47 veh/h. Para as Quendas do día 2 sábados de velada(9 e 16) e para a Quenda de Noite os horarios son Montaxe.- 6 horas, Ferraxe.-7 horas, ademais 3 Domingos (10,17 e 24).

**Sistema II.-** Cadencia de 36 veh/h con xornadas laborais de luns a venres. Para os meses de Maio e Xuño, posibilidade de impacto na produción por motivos de falla de pezas do provedor TRW.

**Taller de Pintura (Lacas 2).-** Por motivos de produción, están estudando a posibilidade de non ter que habilitar esta Liña a 9 horas de traballo. Por parte da C.I.G. manifestamos que, apesares de non compartir xornadas de 9 horas, de ter que habilitarse non sexa con carácter obrigatorio e que se teña en conta o tempo de exposición en cabinas, máximo despois de haberlles eliminado descansos.

**Taller de Embutición (Liñas 8 e 9).-** A Dirección pretende que estas Liñas, na Quenda de Noite, sexan ocupadas por traballadores/as con contrato a tempo parcial e así poder flexibilizar os horarios de saída. Dende a C.I.G., primeiro, non compartimos as formas en canto a información da aplicación desta medida, segundo, entendemos que, si se eliminan os 40 minutos de garantía de produción xunto co incremento sufrido no ritmo de traballo nestas Liñas, podemos estar ante un deterioro na Calidade, o que implicaría que os diferentes Talleres ( Ferraxe, Pintura e Montaxe) tiveran que absorber as posibles repercusións a conta do tempo dos traballadores/as.

**Varios:** Neste punto destacar:

**Prima de Participación.-** Dende a Dirección coméntasenos que está pendente de presentarnos un novo acordo, onde se contemplan as novas evolucións para poder recibir dita prima. Esta previsto que se faga efectiva na nómina do mes de Abril.

## Confederación Intersindical Galega